



MAIOS 2021 *Solidarios*

Verín



**VERÍN
MEDRA
CONTIGO**

Concello de Verín



A Concellaría de Festexos do Concello de Verín celebra os Maios adaptando e optimizando as coplas creadas por centros de ensino e asociacións para a lectura e a difusión a través de internet e dispositivos móbiles. Con isto, animados pola acollida que tivo o ano pasado, tratamos de que o esencial da festa perdure no actual contexto de limitacións pola pandemia da Covid-19.

As limitacións que temos para facermos a concentración dos Maios na Alameda e o espírito solidario na que centros de ensino e asociacións colaboran en conxunto, son a causa de que o Concello de Verín doe a cantidade orzamentada para os festexos a un fin social.

O ano pasado apoiamos o financiamento e pedimos a colaboración da cidadanía para a investigación da vacina da Covid-19. Este ano faremos -e pedímoslle ás persoas que poidan e queiran que o fagan- unha doazón solidaria para o **Programa de atención ás necesidades básicas de persoas da comarca de Verín do C.D.R. Portas Abertas** na conta:
ES98 0049 0797 3820 1048 5020.

Exercen a solidariedade coas súas coplas:

IES XESÚS TABOADA CHIVITE

COLEXIO APOSTÓLICO MERCEDARIO

COLEXIO MARÍA INMACULADA

CEIP AMARO REFOJO

CEIP PRINCESA DE ESPAÑA

CRA MONTERREI

CONSERVATORIO DE MÚSICA DE VERÍN

ASOC. DE MM. RR. FLOR DA XESTA

ASOC. VERINENSE AMIGOS DA MÚSICA

O MAIO DOS PATOS

Xa veñen os maios,
con eles os cantos
neste novo ano
cheíño de cambios.

Cheíño de cambios
como os do tempo,
borrascas e raios
anegaron herdos.

Anegaron herdos
pero aínda hai xestas,
con elas faremos
maios e protestas.

Maios e protestas,
nada mellorou,
coa situación esta:
a Covid chegou.

A Covid chegou
co toque de queda
e a todos pechou,
moito desespera.

Moito desespera,
na casa ficamos
aínda á espera
de poder xuntarnos.

De poder xuntarnos
nesta primavera
pra os maíos cantarmos
na nosa Alameda.

Na nosa Alameda
case nin hai feiras.
A Covid de merda
déixanos sen estas.

Déixanos sen estas,
sen a Panorama.
Quítannos as festas,
xa non temos nada.

Xa non temos nada
nin sequera Entroido,
nin a Batucada,
nin o Corredoiro.

Nin o Corredoiro
propio do lugar,
nin hai miradoiros
coma en Portugal.

Coma en Portugal
todo nos dá pena,
todo é ilegal
ata o da cea.

Ata o da cea
para a nobreza.
Que situación fea,
pois nós na pobreza.

Pois nós na pobreza.
O paro aumenta.
Non hai pra comprar.
Quen nos alimenta?

Quen nos alimenta?
Con ERTes andamos.
A xente rebenta,
xa non aguantamos.

Xa non aguantamos.
Non somos queixicas
porque non calamos
tanto que criticas.

Tanto que criticas,
sabemos que perdes.
Se pensas que picas,
mellor nin o tentes.

Mellor nin o tentes,
xa non dás a cara,
falas polas redes,
só contas parvadas.

Só contas parvadas
en vez de ir ás leiras,
no banco sentadas
como rexoubeiras.

Como rexoubeiras
expanden rumores
tal cal reporteiras,
rompen os amores.

Rompen os amores
e as amizades,
ata nas mellores
xa non hai verdades.

Xa non hai verdades
por culpa das redes
non hai liberdade,
ollo co que credes.

Olo co que credes,
no Tinder ligades,
Tiktok moito vedes,
cun tweet insultades.

Cun tweet insultades,
nós coplas cantamos
para que entendades.
Agora marchamos.

Xa chegou o maio
Fermoso e florido,
Xa chegou o maio
Cheo de colorido.

As flores abundan
Sempre en primavera,
E isto évos algo
Que ben nos alegra.

Se con máscara e xel
Neste ano andamos,
Teremos que gozar
A festa como poidamos.

A covid é unha doenza
Que a todos nos afecta:
Non importa se es novo
Ou naceche nos cincuenta.

Maldito coronavirus,
Que nos levou o sorriso
E tróuxonos a máscara
Sen pedirnos permiso.

Sen entroido quedei,
Sen xogar quedei,
Por culpa do virus
Na casa quedei.

Non podo xogar
E case nin falar,
Por culpa do virus,
Na casa vou quedar.

A metade da xente
Estavos aterrorizada
E a outra metade
Segue despreocupada.

E moitas persoas
Por non teren coidado
Xa se contaxiarán
Do bicho de contado.

Na Semana Santa
Queren vir á vila,
Non salvemos festas
Salvemos a vida!

Estar Lonxe da familia
Para evitar contaxiarse,
Pero cerca da tecnoloxía
Para poder comunicarse.

Levar máscara
Pode ser incómodo,
Pero hai que facelo,
Énos obrigatorio.

Se queres que a ti
Non che pase nada,
Non corras riscos
Por non querer levala.

Se non pensamos
Nas incomodidades,
As máscaras protexen
Das enfermidades.

Aínda que hai xente
Que a usa moi mal:
Cáelle e nada fan
Para a levantar.

Pero aínda vos é
Ben moito peor
A xente que as tira
En calquera exterior.

Hai xente responsable,
Diso non imos dubidar;
Pero, se es tan amable,
Podes o nariz tapar.

Se a conta de contaxios
Non logramos baixar,
As vacinas moi tarde
Para nós van chegar.

O coronavirus é moi malo,
Isto ten que acabar,
Se todos colaboramos
A máscara imos sacar.

E hai xuventude
Que aluga local
Para facer nel
Unha festa ilegal.

Isto si que é grave,
Haino que remediar,
Porque as súas familias
Han telo que pagar.

E oxalá que pronto
Isto vaia acabando
E todas as restricións
Nos acaben sacando.

Porque nin Sánchez
E menos o Simón
Son quen de aturar
Con esta situación.

Xa se vai o maio,
Líscano de aquí,
Xa se vai o maio:
Irá para Madrid?

Aquí están os “maios”
cheos de esperanza.
Que acabe este ano
cheo de desgrazas...

Que importantes son
os nosos avós.
Hai que aproveitar
o tempo con vós!

Isto aprendeunos
o importante que é
gozar do que temos
e tratalos moi ben.

Este ano o virus
acabou con nós.
Moitos enfermaron,
e morreron avós.

Ao chegar o verán
todos vacinados,
sairemos ás rúas
todos encantados.

Cando esteamos
todos vacinados
daremos apertas
por todos os lados.

Falemos agora
da miña terriña,
cando estou fóra
téñovos morriña.

Co diaño do trapo
non entendo nada
e só se nos ve
a metade da cara...

Se falas Galego,
ponlle moito “mimo”,
e non utilices
os castelanismos.

Fermosa é Galicia,
tamén o idioma.
Falando Galego
andamos á moda...

Hai unha rapaza
que triunfa nas redes
mellorando o Galego
que todos sabedes.

Falamos da “Covid”,
falamos da vacina,
pero a economía
estavos na ruína.

Traballo en Verín
éche ben escaso,
para moita xentiña
xa non ten arranxo.

Pechan o comercio,
Verín queda baleiro.
Andar polas rúa
semella dar medo.

E todos na “rede”
ándanvos mercando
e logo dirán
que non hai traballo...

Hai moito comercio
que está a pechar,
peros as axudas
seguen sen chegar.

O noso presidente
pide “sentidiño”.
Eu tamén vos digo:
vaiamos amodiño.

Facemos as coplas
sen perder a maña;
a falar con retranca
ningunha nos gaña.

Fixemos a copla
con moita alegría.
Queremos que as lean
e pasen bo día...

Agora liscamos,
de tanto falar
entrounos a fame
e hai que ir xantar...

Falemos Galego!,
é a nosa lingua.
Haina que falar
e que non se extinga...

É a nosa Lingua,
é un sentimento.
Se ti non o falas
non o levas dentro...

Pedímosche rapaz
que fales Galego.
Que sintas orgullo
de todo o que temos.

Falar o “castrapo”
non é o normal.
Fala ben Galego!
É o natural...

Os profesores do Amaro
Sempre están metendo sustos
Agora queren unas coplas;
¡Xa o fan pra darnos disgustos!

Non teño nin idea
de cómo compoñelas;
e eles pensan que teño
todo o día para facelas.

Que me castiguen si queren,
Pois mañá non penso levalas;
total, só se me ocorren
tolerías e parvadas!

Finalmente resultou
que todo era un mal soño!
Menos mal que isto das coplas
Non se me dá mal de todo.

Ola a todos e todas!
Este ano imos encher
as rúas de Verín de Maíos
para que os poidades ler.

Cos maíos aprendemos
a nosa lingua e a nosa cultura
¡As rúas cheas de xente!
¡Canta fermosura!

Maio, meu amigo,
e ti, que tras contigo?
Una morea de cores
para ter uns maíos floridos.

Érguete, fermoso maio!
e anímate a correr,
que os rapaces do Amaro,
temos moito que facer.

Este ano os maios
veñen moi mollados,
se non para de chover
non poderemos pasealos.

Como sigan as treboadas,
Non sei se vai haber maios;
non se poderá festexar
polo bicho e polos raios.

Ao entrar pola porta do cole
o xel temos que botar;
xa nos esperan os profes,
e nós a frotar e frotar.

Mírannos a temperatura
cando entramos á mañá;
botamos xel a fartura,
isto cando rematará?

Lavamos as mans,
poñemos mascarilla,
e mantemos a distancia
como nos dixo ILLA.

Cando saímos ao patio
non nos podemos nin tocar
cada un para o seu sitio
pois podémonos contaxiar.

Este ano toca
Andar “enmascarillados”
non sexa que Sanidade
nos mande estar confinados.

Co Covid-19
e o estado de alarma,
antes das dez
metidos na cama.

Isto do coronavirus
tennos xa moi amoladas,
pois fíxonos máis dano,
cunha boa xeada.

Se cae outra xeada en maio
estragaría as fabas,
os chícharos, as patacas,
e ata as mazás e as castañas.

Xa estamos fartos
de tanta mascarilla
non podemos facer festas
nin xuntarnos coa familia.

O virus segue atacando
e os expertos non se aclaran
a ver se o próximo ano
nos podemos ver a cara.

Di o Feijoo que no mes de Maio
remata o estado de alarma
sairemos con sentidiño,
mais seguro que hai quen a arma.

Co raio da epidemia
non podemos nin xuntarnos;
a ver se Sanidade apura
e poden a todos vacinarnos.

Rebrota a vida outra vez;
os maios son una festa;
a luz e os sons alédanos
entrando pola fiestra.

Pola conta que nos ten
pensemos no mundo coidar.
O planeta precisa de nós;
Ata cando vas esperar?

Xa chegou o tempo
de cantar os maios
e o coronavirus
segue a amolarnos.

Para xantar, biombos,
nas aulas, distancia,
que máis ca un colexio
semella una granxa.

Nas clases as mesas,
ben colocadiñas,
igual que nas leiras
se plantan as viñas.

Mesmo os corredores
cheíños de frechas:
para ir as azuis,
para vir as vermellas.

O de entrar nos baños
ten o seu aquel,
tres son multitude,
se son dous, moi ben.

Até os nosos mestres
andan “atacados”,
“sobe a mascariña!”,
“non lle des abrazos!”

Cada pouco tempo,
tódalas mañás,
estannos mandando
a lavar as mans.

Compartir as cousas
éche outro problema,
nin se vos ocorra!
quen sabe o que levan?

Cousas que até agora
eran o día a día
con isto da pandemia
fanse costa arriba.

A pesar de todo,
e con moito aguante,
aquí no Princesa
tiramos para adiante.

Ata nos recreos,
polo dos contaxios,
cada curso un sitio,
nada de mesturarnos.

Con moita ilusión,
e con máis coidado,
mestres e rapaces
ímolo arranxando.

Para poder facelo
as normas cumprimos
aínda que as veces
resulte aburrido.

A pesares disto,
nestas circunstancias,
podemos xogar
gardando as distancias.

Tal como está a cousa
houbo que buscar
xogos que se xoguen
sen ter que “tocar”

Entre outros xogos,
e se está bo día,
xogamos ao pano
e o paracaídas.

Anda o profe Carlos,
tamén nos recreos,
xogando ao ping-pong
con nenas e nenos.

Cambiamos de tema,
non todo é xogar,
pois vimos ao cole
tamén a estudar.

A iso de estudar,
como saberedes,
non lle pomos todos
o mesmo interese.

No que coincidimos,
todas as idades,
é no divertido
das “actividades”.

Por ese motivo,
e para aprender,
no noso colexio
séguense a facer.

E aínda que non sexan
coma noutros anos
poñéndolle gañas
ímolos levando.

Para rematar
tan só un desexo,
é o que queremos
no noso colexio.

Cóidenseme moito,
para non ir a peor,
que a partir de agora
todo irá mellor.

Érguete, maio,
que téis que escoitar,
este curso, coa covid,
hai moito que contar.

Un curso moi raro
este ano temos,
e non nos xuntamos
aínda que queremos.

Houbo positivos
entre mestras e nenos;
o virus non distingue
entre grandes e pequenos.

Mascaras usamos
para estar na escola,
hai de moitos tipos,
cores e formas.

Pisamos a alfombra,
lavamos as mans,
miramos se hai febre...
dentro, estamos sans!

No mes de outubro
fixemos un bo viño,
era todo branco,
gustounos máis que o tinto.

Fixemos magostos,
cada un na súa escola,
conectámonos todos
para ver a merendola.

Houbo en decembro
un gran festival;
gravámolo por cachos,
e non quedou tan mal.

A paz celebramos
movendo o esqueleto,
fixemos un gran baile,
quedounos moi completo.

Este ano, co virus,
xa non nos xuntamos,
e das tecnoloxías
moi cansos estamos.

Na Aula Virtual
houbo que fedellar,
por se algún día
nos volven confinar.

Non houbo Entroido
polo confinamento,
sacamos unhas fotos
para matar o aburrimento.

De tunos, na escola,
todos nos vestimos,
por culpa do virus
xuntos non saímos.

O noso colexio
foi seleccionado
dende moi lonxe;
estamos encantados.

Princesa de Girona
é unha fundación,
axuda aos mozos
tamén á educación.

Os futuros mestres
practican no rural;
din que alí está
a escola ideal.

Por iso viñeron
de Valencia e Jaén
Lydia e Raúl
para pasalo ben.

Raúl trouxo aceite,
e Lydia fartóns.
Das súas terras
aprendemos un montón.

Dende Philadelphia
veu ao Cra Gianna,
auxiliar de conversa,
que é americana.

Todos temos hortos
e composteiros,
calquera día pomos
ata galiñeiros.

Lográmoslo en Pazos,
non foi polo concello,
deixóunolo un pai,
temos que agradecerllo.

Saímos nos Bolechas,
falando da Ciencia,
xa somos famosos
por ter moita audiencia.

Outro ano máis
teremos paciencia
para conformarnos
sen feira da Ciencia.

Déitate, Maio,
leva a pandemia,
volve para o ano
sen tanta tolemia.

Os maios volveron,
botabámosvos de menos
e están aquí de volta
para ver escribir aos nenos.

Os maios no Cmus
queremos celebrar
aínda que con mascarilla
teñamos que tocar.

O coronavirus ten feito moito mal
pero cos Maios que imos recitar
dende o Conservatorio Profesional
a todos vos queremos animar.

No 2021 seguimos
loitando contra o coronavirus
pero a música do CMUS
non nola arranca ningún virus.

Dos Maios as coplas
hoxe cantamos
ao pé do Conservatorio
xuntos e animados.

Eran os Maios en Verín
polo Covid
non nos podemos
divertir.

Son os Maios en Verín
xa non tivemos carnaval
pero os do Conservatorio
tocaremos polo Val.

Noite de Maios
noite de Abril
noite de Música
para min.

A música danos humanidade
a música danos felicidade
a música danos solidariedade
xa facía falta nesta cidade.

En maio nacen as flores
e os paxariños cantan
e as teclas do meu piano
soan forte e ata saltar.

Os músicos somos
moi cantareiros
gústanos a troula
por tódolos medios.

Os músicos do Conservatorio
aproveitamos o confinamento
tocando nos balcóns
con moita gracia e talento.

Nos Maíos de Verín
hai máis alegría
que nos días de vacacións
tocando a batería.

Os da ANPA do Conservatorio
non poden facelo mellor,
traballan a cotío, sen descanso
para que disfrutemos da nosa paixón.

Se queres pasalo ben
ao Conservatorio de Verín tes que vir
os nosos maíos debes ver
para estar ao cen por cen.

Os nenos do Conservatorio
queremos boas notas
aínda que berremos en vez de cantar
pero nesta ocasión polos maíos
algunha nota puidemos afinar.

Arriba maio truán
E ponte a camiñar
Que esta pandemia
Vai pronto rematar.

A xigante farmacéutica,
Co seu presidente Boula,
Creou a vacina Pfizer
Pensábamnos que era troula.

Prometeron unha cantidade
E logo repartiron outra,
As grandes farmacéuticas
Volvían a xente louca.

Con referencia na Europa
Fálase de BioN Tech,
Con sede en Alemaña,
Isto semella “Falcon Crest”.

Ugur Sahin e Örlem Tureci,
Alemáns de nacemento turco,
Uníronse a Bouza para
Traballar en conxunto.

Unha semana despois
Apareceu a “Moderna”,
Concedéndolle ó director Boucel
Uns billóns en cada perna.

Logo chega “Astra Zeneca”
Que procede do Reino Unido,
Os suecos, que son moi listos,
Tiraron ó lixo o contido.

Os políticos de Verín
Están moi relaxados,
Os veciños non os molestan
A lo menos en dous anos.

Vamos o “Trending Topic”
Cos chismes do momento,
A Gales irá estudar
A princesa a un centro.

O Clan “Isabel Pantoja”
Dá moito que falar,
Sobre todo o seu fillo
Que só pensa en cobrar.

A famosa Rocío Carrasco,
“menudo culebrón”,
De ser verdade o que di,
Xa lle poden pedir perdón!

A súa filla Flores
Aproveita a ocasión,
Anda de “realitis”
pola televisión.

Antonio David Flores
Paseouse polos platós,
Pedíndolle a Deus
Veña o teu reino a nós.

A Rocío Monasterio,
Arquitecta de profesión,
Demostroulle a toda España
Que non ten educación.

Á maior economista
Do goberno español
Vaia desplante lle deron!:
“Nadia, para el sillón”.

Despedímoste maio
Loitando para o virus gañar,
Que no ano 22 na praza
Te poidamos celebrar.

Levántate maio
e bótate a andar
que a xente do coro
quéreche cantar.

Imos comezar
pedíndolle a venia
pra poder falar
do mal da pandemia.

A peste do bicho
tivo consecuencia:
agora cantamos
por videoconferencia.

Tal é a demanda
da nosa actuación
que temos propostas
pra ir a Eurovisión.

Viunos medio mundo,
isto é unha loucura,
menos os do Seixo:
non hai cobertura.

Non teñen antena
pra coller sinal,
cando queren oírnos
van pra Portugal.

Prometeulle o alcalde
antena de moda,
facendo promesas
non hai quen o foda.

Igual que fixeron
no Xapón e en China,
paramos de cantar
pra pornos a vacina.

A Marisa Diéguez,
muller recatada,
non a vacinaron
por estar preñada.

Di que non se explica
tal acontecemento:
é que non cumpriu
co sexto Mandamento.

A Pepita e a Copi
foron en “camilla”
e púxolle a dose
a do Pescadilla.

E á presidenta,
Corona Meixeira,
foi a vacinala
a Lola “Cesteira”.

A Celia de Mourazos
foi co seu marido
e cando a pincharon
perdeu o sentido.

A Anita levaba
un par de receitas
dixo que ó pinchala
ínchanselle as tetas.

Soamente unha dose
foi de “Astrazenéca”
e foille tocar
á Ángeles “Caneca”.

E a Mari, comendo
un par de mazás,
di que a vacina o Félix
tódalas mañás.

O Félix mirouna
medio de “reollo”
e dixo: por baixo
é rache bo chollo.

Tivo mala sorte
a Fina de Castrelo,
toda a súa pachanga
quedoulle sen pelo.

O Coral deséxalles,
sen máis postulados,
no presente ano
estar vacinados.

Levántate maio
e bótate a andar
que o Coral para o ano
volverá cantar.

O MAIO DOS PATOS

Aquí vén o maio
O maio maieiro
Cheo de flores
E pouco diñeiro.

Con isto da COVID
Temos que falar
Pois pra que che pase
Teste que vacinar.

O ano pasado
Foi moi aburrido
Pois todos nas casas
Estábamos metidos.

Quero saír de noite
E non hai maneira
Pois a Garda Civil
Está alá onde queira.

O MAIO DOS PATOS

Os nosos políticos
Moito teñen que traballar
Pois o único que queren
É que os vaiamos votar.

Eleccións tras eleccións
Non paramos de votar
Pero necesitamos solucións
Que non acaban de chegar.

Isto dá vergoña
Isto xa dá noxo
O único que queren
É vivir do conto.

O parque da Alameda
Quedou moi bonito
Só lle falta
Poñer un monolito.

O señor alcalde
Ancheou as “aceras”
Pero polo medio da praza
Seguen as carreiras.

Na praza de Verín
Hai moito coche aparcado
Porque para tomar un viño
Necesitan ir co cu sentado.

Agora das modas
Temos que falar
Pois de nós
Non se van librar.

As modas son bonitas
As modas son baratas
Cos pantalóns rotos
Xa van ben axeitadas.

O MAIO DOS PATOS

Hoxe vale todo
Paréceme ben
Pois cos tenis rotos
Eles calzan ben.

A familia do Pato
Quere recordalo
Por iso eles queren
Facer tamén o maio.

Grazas ao Concello
E á Corporación
Por facer do maio
Unha tradición.

Agora despedímonos
Ata o ano que vén
Que xa non haxa COVID
E o pasemos ben.